

Túmulos prehistóricos no concello de Irixoa (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Neste traballo presentamos un estudio do fenómeno tumulario do concello de Irixoa (A Coruña). Neste artigo, ó igual que nos anteriores, tentaremos informar do entorno e do emprazamento dos túmulos, reflectindo cal é na actualidade a situación na que se encontran os xacementos.

Abstract

In this work we present a study of tumuli in the Irixoa area (Corunna). In this article, as in our previous ones, we try to inform you of the setting and location of the tumuli, and consider the present condition of the findings.

INTRODUCCIÓN

Tras uns anos nos que dedicamos o noso tempo á investigación e localización de gravados rupestres na zona do Baixo Eume, de novo retomamos o mundo do megalitismo, esta vez centrado no concello de Irixoa. Este traballo é unha continuación do publicado pola nosa Asociación en 2004, sobre o limítrofe concello de Monfero (*Anuario Brigantino 2004*, nº 27).

Para este traballo, contamos coa inestimable colaboración do noso amigo Juan Sobrino, que realizou un baleirado do arquivo de D. Francisco Vales Vilamarín (depositado no Museo das Mariñas, Betanzos), o cal nos permitiu ter unha idea dos xacementos existentes na zona a mediados do século XX, algúns deles hoxe desaparecidos, e outros que poden corresponderse en parte cos aquí relacionados. O arquivo, como a maioría dos da época, non está sistematizado, e nel tan so se sinalan as localidades onde se situarían os xacementos, sen especificar o número, nin calquera outro dato que nos puidera aclarar si se trata ou non dalgún dos xacementos agora localizados. Creemos que nel se recollen tan so referencias, posiblemente orais, que seguramente non foron contrastadas polo sr. Vales. Así mesmo tamén se nomean algúns túmulos que xa por aquel entón foran destruídos.

Tamén convén sinalar que debido á extensión, ás alteracións e ás condicións nas que se encontra o terreo na actualidade, tivemos que centrar os nosos esforzos nos espazos máis favorables para a ubicación destes xacementos, séndonos imposible prospectar a totalidade do concello.

SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Irixoa ten na actualidade un extensión de 68,6 km², divididos en sete parroquias: Ambroa, Churío, Curuxou, Irixoa, Mántaras, Verís e A Viña (fig.1). Xeograficamente sitúase no interfluvio dos ríos Lambre ó N e Mandeo ó S, con suaves montañas que alcanzan a máxima altitude ó L do concello, no Monte Pena Moura (715 m). Administrativamente está englobado na comarca das Mariñas de Betanzos e linda ó O cos

* A Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos» constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.



Fig. 1.- Distribución das parroquias do concello de Irixoa.



Fig. 2.- Situación do concello de Irixoa.

concellos de Paderne, Miño e Vilarmaior; ó N cos de Vilarmaior e Monfero; ó L cos de Monfero e Aranga e ó S cos de Aranga e Coirós (fig.2).

O clima é oceánico-húmido con matices continentais e temperaturas suaves, cunha media anual de 13'5°.

Xeoloxicamente o material predominante no subsolo son os granitos de dúas micas, que é onde están asentados a maioría dos túmulos, e en menor medida a granidiorita precoz, xistos, cuarzoxistos, esquistos, e na zona oriental do concello as lousas.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

O termo municipal ten unha orografía pouco contrastada, con pequenas elevacións e marcada en certo modo polo paso do río Zarzo que nace no L do concello, preto do linde con Monfero, atravesandoo por completo caro o O ata desembocar, xa no concello de Paderne, no río Mandeo. Estas características fan que a distribución dos túmulos sexa moi dispersa. As labores agrícolas estragaron parte deles e non permitiron que outros chegasen ós nosos días.

Para unha mellor comprensión do texto describiremos os túmulos atopados por parroquias, nomeando en primeiro lugar os localizados e despois as referencias de túmulos non atopados ou destruídos.

San Tirso de Ambroa

É a parroquia situada ó NO do concello, en nela atopamos 9 túmulos en dous grupos, Monte do Pico e a Cheira, e outro túmulo solto, así como a referencias a varios túmulos, non localizados, ou destruídos (fig.3).

Grupo do Monte do Pico, está formado por dous túmulos, situados na parte N da parroquia, cerca do lugar de Escañoi. Están moi arrasados polas labores agrícolas, e tan so son visibles cando a finca está limpa.

1) Monte do Pico-1 (coordenadas UTM 575485 – 4797657, xeográficas 08° 05' 37,15" – 43° 19' 38,58"). Emprazamento (Emp.): Chaira. Altitude (Alt.): 279 m. Regato máis achegado a (Reg.): 400 m. Substrato xeolóxico (Subst.): Granito de dúas micas pouco deformados. Terreo dedicado a (Terr.): Arborado de repoboación. Medidas (Med.): 12 m de Ø x 0,20 de

alto. Estado de conservación (Est.): Moi malo, está practicamente desaparecido.

2) Monte do Pico-2 (coordenadas UTM 575485 – 4797675, xeográficas $08^{\circ} 05' 37,14'' - 43^{\circ} 19' 39,17''$). Emp.: Chaira. Alt.: 279 m. Reg.: 400 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 12 m de \varnothing x 0,20 de alto. Est.: Moi malo, está practicamente desaparecido.

3) Cobelos (coordenadas UTM 571975 – 4795172, xeográficas $08^{\circ} 06' 45,36'' - 43^{\circ} 18' 18,57''$). Emp.: Cume. Alt.: 336 m. Reg.: 500 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 17 m de N-S x 21 de L-O x 0,70 de alto. Est.: Regular. Está moi alterado

polas labores agrícolas e ten unha gabia que serve de linde fincas que o atravesa de NL a SO.

Grupo da Cheira, formado 6 túmulos, situados na parte SO da parroquia, moi cerca do linde co concello de Paderne.

4) Chaeira-1 (coordenadas UTM 570780 – 4794445, xeográficas $08^{\circ} 07' 38,73'' - 43^{\circ} 17' 55,41''$). Emp.: Ladeira. Alt.: 342 m. Reg.: 575 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 17 m de \varnothing e unha altura que oscila entre os 1,20 m polo O e 0,60 polo S; burato de violación de 4 m de \varnothing x 0,40 de profundidade. Est.: Malo, está cortado por dúas gabias que cortan o túmulo polo centro e polo L, e a masa túmular está moi rebaixada na metade L do xacemento.

5) Chaeira-2 (coordenadas UTM 570768 – 4794348, xeográficas $08^{\circ} 07' 39,31'' - 43^{\circ} 17' 52,27''$). Emp.: Ladeira. Alt.: 341 m. Reg.: 620 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 19 m de \varnothing e unha altura que vai dende os 0,80 m polo N ós 2 m polo S; burato de violación de 3 m de \varnothing x 0,30 de profundidade. Est.: Bo.

6) Chaeira-3 (coordenadas UTM 570688 – 4794360, xeográficas $08^{\circ} 07' 38,73'' - 43^{\circ} 17' 55,41''$). Emp.: Cume. Alt.: 346 m. Reg.: 520 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 22 m de \varnothing x 2 de altura; burato de violación 5 m de N-S x 4 de L-O x 0,60 de profundidade. Est.: Bo. Pódese ollar a coiraza de seixos e granito por todo o túmulo (foto 1).

7) Chaeira-4 (coordenadas UTM 570671 – 4794342, xeográficas $08^{\circ} 07' 43,31'' - 43^{\circ} 17' 52,11''$). Emp.: Cume. Alt.: 345 m. Reg.: 530 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 15 m de N-S x 14 de L-O x 0,70 de alto; burato de violación 3 m de \varnothing x 0,20 de profundidade. Est.: Regular.



Fig. 3.- Distribución dos túmulos na parroquia de Ambroa.



Foto 1. Túmulo Chaeira-3 (nº 6).

8) Chaeira-5 (coordenadas UTM 570633 – 4794318, xeográficas 08° 07'45,31" – 43° 17' 51,34"). Emp.: Cume. Alt.: 346 m. Reg.: 540 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 15 m de N-S x 19 m de L-O x 0,70 de altura; burato de violación 3,50 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Regular, está alterado polas labores agrícolas.

9) Chaeira-6 (coordenadas UTM 570634 – 4794278, xeográficas 08° 07'45,29" – 43° 17'50,05"). Emp.: Ladeira. Alt.: 343 m. Reg.: 580 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 15 m de Ø x 0,80 de alto. Est.: Bo.

Nesta parroquia existen varias referencias sobre túmulos publicados en 1981¹ «...en «A Torre», existiron «medoñas» que hoy en día aparecen violadas, una de ellas aún no hace muchos años, por un vecino de Tiulfe para hacer de ella zona cultivable.» «...ya que en la planicie que domina la parroquia de Ambroa, aun hoy pueden observarse respetables túmulos dolménicos o «medoñas», una de las cuales fue como dijimos, abierta y arrasada por un vecino, a fin de ampliar la superficie cultivable en una leira de su propiedad sita en el lugar de «a Torre», entre Lapido y Tiulfe.» O mesmo autor danos outra referencia moito máis interesante dun xacemento xa daquela desaparecido «...por los años treinta y con motivo de la construcción de un canal para derivar el agua del Lambre hacia una central hidroeléctrica [la de Guimil], fue descubierto y poco tiempo después destruido un extraordinario ejemplar de dolmen o «medoña», que según los escasos datos verbales de que se dispone, podría contarse como uno de los mejores de Galicia, con la particularidad de poseer pinturas en el interior de sus antas que sirvieron de escombros para la cementación del canal.», sobre este dolmen nos arquivos de Vales Vilamarín existe un mapa do ano 1936, feito por un mestre da zona no que di «*Dolmen con insculturas policromadas: está ya destruído*». Outra noticia neste arquivo a proporciona un veciño da Areas (Segundo Alonso) que nese mesmo ano di «*Dólmen con figuras rupestres (caballo y carnero) en la Pena da Pomba? deshecha por los obreros al construir el canal*». Hoxe en día a zona de Pena da Pomba é identificable e está preto de aldea de Lambre: entre ela e os restos do mosteiro de San Cremenzo (Vilarmaior); a súa situación en ladeira bastante pronunciada, non é a mellor ubicación para situar un dolmen.

¹ RÍO LÓPEZ, Antonio, «Ambroa, o el recuerdo de Lámbrica», *Anuario Brigantino* 1981, 4: 72-80.

Santaia de A Viña

Esta parroquia ocupa a zona centro-occidental do concello, en nela atopamos 4 túmulos, preto do lugar do Meimón, e unha referencia documental non localizada (fig.4).

10) Meimón-1 (coordenadas UTM 575326 – 4794712, xeográficas 08° 04' 16,87" – 43° 18' 02,48"). Emp.: ladeira. Alt.: 435 m. Reg.: 260 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 16,50 m N-S x 18,50 L-O x 0,80 de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Bo. Pódese ollar a cabeza dun esteo de granito.

11) Meimón-2 (coordenadas UTM 575304 – 4794764, xeográficas 08° 04' 17,82" – 43° 18' 04,17"). Emp.: Chaira. Alt.: 428 m. Reg.: 240 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 25 m de N-S x 32 L-O x 2 de alto; burato de violación de 12 m de Ø x 1 de profundidade. Est.: Regular, pola forte forte violación e por estar cortado ó N pola estrada. É o túmulo máis grande dos localizados neste concello.

12) Meimón-3 (coordenadas UTM 575337 – 4794894, xeográficas 08° 04' 16,29" – 43° 18' 08,37"). Emp.: Chaira. Alt.: 430 m. Reg.: 330 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 21 m de Ø x 0,70 m de alto. Est.: Bo, a pesar de estar cortado por unha gabia que serve de linde de fincas.

13) Meimón-4 (coordenadas UTM 575410 – 4794968, xeográficas 08° 04' 13,02" – 43° 18' 10,74"). Emp.: Chaira. Alt.: 426 m. Reg.: 380 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 25 m de Ø x 1 de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,50 de profundidade. Est.: Bo.

Existente unha referencia documental sobre un túmulo que non foi localizado, ou polo menos nós non o identificamos por ese nome. Formaba parte do linde do Couto Xurisdiccional do mosteiro de Monfero, o cal hoxe en día vense a corresponder co linde das parroquias de Santaia da Viña e Santa M^a de Mántaras «...al Carvollo Daviña, de allía a las Folgueiras a Mámoa de Pereiro por cima de Santaya da Viña...»²




Fig. 4.- Distribución dos túmulos na parroquia de A Viña.

² LOPEZ SANGIL, José Luis, «Historia del Monasterio de Santa María de Monfero», Diputación de A Coruña, 1999; «Relación de la documentación del Monasterio de Santa María de Monfero», *Estudios Mindonieses* 2002, nº 18: 279-740.




Fig. 5.- Distribución dos túmulos na parroquia de Irixoa.

San Lourenzo de Irixoa

É a parroquia máis pequena do concello con menos de 5 km² e está situada na parte central do concello, nela tan so atopamos 3 túmulos, dous deles documentados (fig.5).

14 Mámoa de Mourente (coordenadas UTM 578740 – 4793421, xeográficas 08 01'46,04" – 43° 17' 19,37"). Emp: Ladeira. Alt.: 447 m. Reg.: 250 m. Subst: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 14 m de N-S x 12 L-O e unha altura que oscila entre os 0,70 m polo L a 1 m polo O; burato de violación de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo, a pesares de estar cortado ó L polo camiño de acceso á finca.

15 Mámoa de Porriños/Mámoas de Abaixo³, que son o nome documental ou o topónimo actual (coordenadas UTM 577805 – 4793171, xeográficas 08° 02' 27,65" – 43° 17' 11,62"). Emp.: Chaira. Alt.: 430 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Carballeira. Med.: 20 m de N-S x 25 de L-O x 1,30 de alto; burato de violación 4 m de N-S x 6,5 de L-O x 0,60 de profundidade. Est.: Bo. Referencia documental: A primeira referencia a este túmulo atopámola nos dous privilexios reais nos que Alfonso VII acouta o couto xurisdiccional ó Mosteiro de Santa María de Monfero o 05/12/1135, deles consérvanse varias copias en memoriais, tombos e confirmacións do mosteiro⁴ «... deinde per outeyrum de Alvaricia ad moman de Porrinos; inde per petram Maurente»⁵.

³ AMADO REINO, X., MAÑANA BORRAZÁS, P., BALLESTEROS ARIAS, P. «La arqueología en la gasificación de Galicia 14: Corrección de impacto de las redes y ramales de A Coruña», *Traballos de Arqueoloxía da Paisaxe* (TAPA) 2001, 21: 57-89-90.

⁴ De todos eles o que segundo versión do sr. Sangil, poida que sexa o orixinal ou unha copia figurada, é o conservado no ARG, Fondo Vaamonde Lores, caixa 4, carpetiña 5.

⁵ LOPEZ SANGIL, José Luis, «Historias y Memoriales del Monasterio de Santa María de Monfero», *Revista eumesa de estudios Cátedra* 1995; nº 2: 75-95; «Historia del Monasterio...», Opus cit. Diputación de A Coruña, 1999; «Relación de la document...», Opus cit. *Estudios Mindonieses* 2002, nº 18: 279-740.




Fig. 6.- Distribución dos túmulos na parroquia de Verís.

16) Mámoa do Cordal (coordenadas UTM 575721 – 4792391, xeográficas 08° 04' 00,49" – 43° 16' 47,11"). Emp.: Chaira. Alt.: 374 m. Reg.: 530 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 16 m de N-S x 18 de L-O- x 0,80 de alto; burato de violación de 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, está moi alterado polas labores agrícolas. Pódese ollar a cabeza dun esteo de granito. Referencia documental: «... de alli aun marco/ de canteria nombrado salgueiral deuna/ bara de alto y quarta y media de ancho, de/ alli aun sitio llamado mámoa do Cordal de allí aun marco de canteria nombrado de/ filgueiro cobo...»⁶

Santa María de Verís

É a parroquia máis oriental do concello e a de maior extensión con case 18 km². Ocupa todo o L do mesmo dende o N ata o S, e nela atopamos as terras máis altas do concello, as que lindan cos concellos de Monfero e Aranga. Nesta parroquia atopamos 12 túmulos, diseminados por toda a parroquia, agás os 4 que forma o grupo de Cruz da Mámoa (fig.6).

17) Campo da Boleca (coordenadas UTM 579332 – 4793529, xeográficas 08° 01' 19,72" – 43° 17' 22,65"). Emp.: Chaira. Alt.: 500 m. Reg.: 160 m. Subst.: Lousas e xistos. Terr.: Monte baixo. Med.: 14 m de Ø x 0,40 de alto. Est.: Malo, está rebaixado na altura polas labores agrícolas. Pódese ollar un esteo de lousa de 0,40 m x 0,20.

18) Mámoa de Paraños (coordenadas UTM 579960 – 4793251, xeográficas 08° 00' 52" – 43° 17' 13,40"). Emp.: Ladeira. Alt.: 530 m. Reg.: 190 m. Subst.: Lousas e xistos. Terr.: Monte baixo.

⁶ Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de San Lourenzo de Irixoa, rolo 4, libro 158, folio 1954r , conservado no ARG.

Med.: 15 m de N-S x 17 de L-O e unha altura que oscila dende os 0,40 m polo O a 1,30 m ó L. Est.: Bo, a pesar de estar alterado. Pódese ver por todo o túmulo a coiraza de seixos e lousas.

19) Mámoa de So Pena Moura⁷ (coordenadas UTM 581635 – 4791686, xeográficas 07° 59'38,36" – 43° 16'22,06"). Emp.: ladeira. Alt.: 635 m. Reg.: 250 m. Subst.: Lousas e xistos. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 2 m de N-S x 24 de L-O x 2 de alto. Est.: Moi malo, está cortado ó N por unha estrada e ó S polas labores agrícolas. No corte da estrada pódese apreciar a coiraza de seixos.

20) Mámoa de Ferreiros⁸ (coordenadas UTM 580739 – 4791170, xeográficas 08° 00'18,53" – 43° 16'05,65"). Emp.: Chaira. Alt.: 502 m. Reg.: 150 m. Subst.: Metagrauvas feldespáticas, ollo de sapo de grao fino. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 11 m de N-S x 17 de L-O x 1 de alto; burato de violación de 3,50 m de Ø x 0,50 de profundidade. Est.: Regular. O túmulo encóntrase nun cruce de estradas que o cortan polo S e polo O, nesta zona pódense ollar pedras de xistos e seixos, que seguramente procedan da coiraza, e mesmo da cámara do túmulo.

21) Revolta da Carreira (coordenadas UTM 579674 – 4797625, xeográficas 08° 01'46,80" – 43° 19'35,66"). Emp.: Chaira. Alt.: 453 m. Reg.: 380 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 21 m de Ø x 0,80 de alto. Est.: Bo, a pesar de estar cortado ó S por un peche de fincas e ó O por un vello camiño.

Grupo de Cruz da Mámoa, preto de lugar de Xesta, está formado por catro túmulos que teñen continuidade cara ó S.

22) Cruz da Mámoa-1 (coordenadas UTM 577994 – 4791530, xeográficas 08° 02'20,10" – 43° 16'18,37"). Emp.: Chaira. Alt.: 428 m. Reg.: 420 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 20 m de N-S x 19 de L-O x 0,80 de alto; burato de violación 5 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Regular. Está cortado ó medio por unha gabia que serve de linde fincas e ó L por unha pista.

23) Cruz da Mámoa-2 (coordenadas UTM 578075 – 4791514, xeográficas 08° 02'16,52" – 43° 16'17,82"). Emp.: Ladeira. Alt.: 425 m. Reg.: 460 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 18 m de Ø x 1 de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo.

24) Cruz da Mámoa-3 (coordenadas UTM 578098 – 4791449, xeográficas 08° 02'15,53" – 43° 16'15,70"). Emp.: Ladeira. Alt.: 420 m. Reg.: 430 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 22 m de N-S x 20 de L-O x 1 de alto; burato de violación de 5 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo. Está cortado ó O por unha pista e un camiño.

25) Cruz da Mámoa-4 (coordenadas UTM 5782555 – 4791276, xeográficas 08° 02'08,65" – 43° 16'10,04"). Emp.: Ladeira. Alt.: 411 m. Reg.: 290 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Castiñeiros. Med.: 20 m de Ø x 1,20 m de alto; burato de violación de 5 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo.

26) Mámoa das Veigas, é a continuación do grupo anterior cara ó S (coordenadas UTM 575374 – 4791164, xeográficas 08° 02'03,43" – 43° 16'06,36"). Emp.: Chaira. Alt.: 400 m. Reg.: 210 m. Subst.: Granodiorita precoz moi deformada. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 17 m de Ø x 0,80 de alto; burato de violación de 3,50 m de Ø x 0,50 de profundidade. Est.: Bo. Pódese ollar a cabeza dun esteo de granito e a coiraza de seixo espallada por todo o túmulo.

⁷ AMADO REINO, X., MARTINEZ LÓPEZ, M^a C., LIMA OLIVEIRA, E., «La arqueología en la gasificación de Galicia 8: Corrección de impacto en el gaseoducto de transporte Vilalba-Valga» *TAPA 2000*, 11: 91.

⁸ Opus cit *TAPA 2000*, 11: 92.

27) Alto da Mámoa (coordenadas UTM 578135 – 4789977, xeográficas 08° 02' 14,64" – 43° 15' 27,98"). Emp.: Cume. Alt.: 510 m. Reg.: 850 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 18 m de Ø x 0,70 m de alto; burato de violación de 5 m de N-S x 4,50 de L-O x 0,50 de profundidade. Est.: Regular, foi rebaixada na súa altura polas labores agrícolas. Os veciños da zona din que no alto do monte hai outra mámoa máis, que nós non puidemos localizar pola mestura da vexetación.

28) Mámoa de Sobre Cabanas/Monte Tourao (coordenadas UTM 575798 - 4791124, xeográficas 08°03'57,71" - 43°16'06,01"). Emp.: Ladeira. Alt.: 410 m. Reg.: 650 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 16 m de Ø x 0,60 de alto; burato de violación de 4 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Bo.

No linde desta parroquia coa de Santa Xía (Monfero), encontramos unha referencia documental a un túmulo que foi destruído na década dos noventa, para facer unha pradería e que foi publicado pola nosa Asociación⁹ «... *auna pena vicuda que esta enel monte de allí derecho ala mamoa de carvallido de alli ala portela de paraños...*»¹⁰.

Outra referencia bibliográfica atopámola en TAPA 11¹¹, no que figuran dous túmulos no lugar de Pena Moura/Lagoa Vella. Hoxe en día co monte limpo podemos aseverar que se trata de dous crestóns de lousa, que figuran no inventario da Xunta catalogados cos números 23 e 24. Cerca deles cara ó N, xa preto da central eléctrica existiu un túmulo de pequenas dimensións que foi destruído polas obras do parque eólico Touriñan IV.

No linde co concello de Aranga, atopamos 3 túmulos, que antano probablemente serviran de marcos entre os concellos de Irixoa e Aranga, pero a construción do parque eólico antes mencionado, alterou as referencias existentes. Na actualidade o linde vai pola pista do parque, pasando en paralelo a escasos 20/30 m dos túmulos que foron catalogados como pertencentes ó concello de Aranga.

Santa María de Mántaras

Sitúase esta parroquia dende o O ata a zona central do concello. É sen dúbida a parroquia máis interesante do concello e na que máis túmulos localizamos, un total de 29 (fig.7).

29) Mámoa do Oural (coordenadas UTM 574981 – 4793717, xeográficas 08° 04' 32,67" – 43° 17' 30,35"). Emp.: Chaira. Alt.: 512 m. Reg.: 260 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 12 m de Ø x 0,30 de alto. Est.: Moi malo, está practicamente arrasado polas continuas labores agrícolas. Existe unha referencia documental, aínda que é posible que non se refira a este túmulo en concreto, no primeiro privilexio dado polo Rei Alfonso VII acoutando o couto xurisdiccional do mosteiro de Monfero 05/12/1135 «... *por cima de Santaya da Viña, deallí en dereito a las Mámoas de Montes das Jural y Seixas d'Aural...*»¹² Este códice¹³ e en tódalas versións deste primeiro e do segundo privilexio, non se volven a mencionar as ditas mámoas e si as Seixas de Aural/Oural.

⁹ Grupo Arqueoloxía da Terra de Trasancos, «Túmulos prehistóricos no Concello de Monfero», *Anuario Brigantino* 2004, nº 27, túmulo nº 74, páx 25.

¹⁰ Apeo datado o 26/11/1669. ARG, fondo privados-eclésiásticos. Sinatura C-460, páx. 10-r.

¹¹ Opus cit TAPA 2000, 11: 131.

¹² LOPEZ SANGIL, José Luis, «Historia del Monasterio...», Opus cit. Diputación de A Coruña, 1999; «Relación de la document...», Opus cit. *Estudios Mindonieses* 2002, nº 18: 279-740.

¹³ Este códice, cota 259, conservado no AHN, foi escrito no século XVII por Frei Bernardo Cardillo de Villalpando co título «Tumbo, donación y fundación de este Imperial Monasterio de Monfero y sus cotos y jurisdicciones con las grandezas de dicho Monasterio».




Fig. 7.- Distribución dos túmulos na parroquia de Mántaras.

Grupo Monte de San Antón, formado por dous túmulos situados ó L dunha canteira de granito, é posible que haxa máis pero a densa vexetación non permite na actualidade prospectar toda a zona.

30) Monte de San Antón-1 (coordenadas UTM 573043 – 4794044, xeográficas 08° 05'58,50" – 43° 17'41,64"). Emp.: Chaira. Alt.: 458 m. Reg.: 225 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Monte baixo. Med.: 21,50 m de Ø x 1,30 de alto; burato de violación de 5 m de Ø x 0,80 de profundidade. Est.: Regular, pódese ollar a coiraza de granito espallada polo túmulo.

31) Monte de San Antón-2 (coordenadas UTM 573032 – 4794032, xeográficas 08° 06' 03,43" – 43° 17'41,29"). Emp.: Chaira. Alt.: 455 m. Reg.: 225 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 17,50 m de Ø x 1 de alto; burato de violación de 3 m de N-S x 11 de L-O x 0,40 de profundidade. Est.: Malo, pola forte violación que recorre case todo o túmulo de L-O.

32) Airoa do Rei (coordenadas UTM 573695 – 4793765, xeográficas 08° 05'29,71" – 43° 17'32,36"). Emp.: Chaira. Alt.: 482 m. Reg.: 160 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Pasteiros. Med.: 12,50 m de N-S x 14,50 de L-O x 0,50 de alto. Est.: Malo, está achaiada polas labores agrícolas e cortada polo S e SO por unha estrada.



Foto 2.- Túmulo Mántaras 1 (nº 35).

Grupo do Mascoto, está formado por dous túmulos situados ó N da capela de San Cosme de Mántaras.

33) Mascoto-1 (coordenadas UTM 573344 – 4793502, xeográficas 08° 05' 45,41" – 43° 17' 23,96"). Emp.: Chaira. Alt.: 476 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Monte baixo. Med.: 14,50 m de Ø x 0,70 de alto; burato de violación de 3 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo.

34) Mascoto-2 (coordenadas UTM 573461 – 4793508, xeográficas 08° 05' 40,21" – 43° 17' 24,12"). Emp.: Chaira. Alt.: 481 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 21 m de Ø x 1,70 de alto; burato de violación de 4 m de Ø x 0,70 de profundidade. Est.: Bo, pódese ollar a coiraza de granito espallada polo túmulo.

Grupo de Mántaras, non é en si un grupo homoxéneo, senón que se trata de pequenos grupos de túmulos espallados ó S e L da capela de San Cosme de Mántaras, e todos eles, a excepción do nº 21, encóntranse a pasteiros no medio dunhas explotacións gandeiras. Foi nomeado polo Sr. Vales¹⁴ nos seus itinerarios xacobeos «...denominado también de San Cosme, en el elevado monte de San Antón, feligresía de Santa María de Mántaras, edificación emplazada en las inmediaciones de otra necrópolis prehistórica, compuesta de un crecido número de «medoñas», de planta casi circular y violadas todas...»

35) Mántaras-1 (coordenadas UTM 572560 – 4793646, xeográficas 08° 06' 20,12" – 43° 17' 28,90"). Emp.: Chaira. Alt.: 430 m. Reg.: 150 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros e pinos. Med.: 18 m de Ø x 0,80 de alto. Est.: Bo. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo (foto 2).

36) Mántaras-2 (coordenadas UTM 573120 – 4793535, xeográficas 08° 05' 55,33" – 43° 17' 25,11"). Emp.: Chaira. Alt.: 473 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiro. Med.: 18,50 m de Ø e unha altura que oscila entre os 0,50 e 0,80; burato de violación de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo (foto 3).

¹⁴ VALES VILLAMARÍN, FRANCISCO «Las antiguas rutas jacobeanas del territorio brigantino (1º, 2º y 3er itinerarios): Ligera ojeada sobre las principales sendas santiaguistas del territorio brigantino». *Anuario Brigantino* 2002, nº 25: 389-400.



Foto 3.- Túmulo Mántaras 2 coa capela de San Cosme detrás (nº 36).

37) Mántaras-3 (coordenadas UTM 572982 – 4793412, xeográficas 08° 06' 01,51" – 43° 17' 21,17"). Emp.: Ladeira. Alt.: 469 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 20 m de Ø x 1,50 de alto. Est.: Bo. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo.

38) Mántaras-4 (coordenadas UTM 572925 – 4793405, xeográficas 08° 06' 04,04" – 43° 17' 20,97"). Emp.: Ladeira. Alt.: 465 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 17 m de Ø x 0,60 de alto; burato de violación de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo.

39) Mántaras-5 (coordenadas UTM 572824 – 4793377, xeográficas 08° 06' 08,54" – 43° 17' 20,09"). Emp.: Chaira. Alt.: 462 m. Reg.: 160 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 25,50 m de Ø x 1,80 de alto; burato de violación de 4 m de N-S x 5 L-O x 0,30 de profundidade, que está cuberto de grandes pedras de granito. Est.: Bo (foto 4).

40) Mántaras-6 (coordenadas UTM 572796 – 4793375, xeográficas 08° 06' 09,78" – 43° 17' 20,04"). Emp.: Chaira. Alt.: 460 m. Reg.: 150 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 9,50 m de Ø x 0,40 de alto. Est.: Moi malo, está practicamente arrasado polas labores agrícolas, por todo o seu arredor pódese ollar claramente a coiraza de granito.

41) Mántaras-7 (coordenadas UTM 572612 – 4793230, xeográficas 08° 06' 18,01" – 43° 17' 15,40"). Emp.: Ladeira. Alt.: 442 m. Reg.: 180 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 14 m de Ø x 0,50 de alto; burato de violación de 2 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo.

42) Mántaras-8 (coordenadas UTM 572457 – 4793148, xeográficas 08° 06' 24,93" – 43° 17' 12,80"). Emp.: Ladeira. Alt.: 431 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 14,50 m de N-S x 16 de L-O x 0,70 de alto; burato de violación de 3,50 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo.

43) Mántaras-9 (coordenadas UTM 572422 – 4793140, xeográficas 08° 06' 26,49" – 43° 17' 12,55"). Emp.: Ladeira. Alt.: 430 m. Reg.: 260 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 18 m de Ø x 0,80 de alto. Est.: Bo. A zona central do túmulo ten acumuladas pedras das labores agrícolas.

44) Mántaras-10 (coordenadas UTM 572430 – 4793085, xeográficas 08° 06' 26,16" – 43° 17' 10,77"). Emp.: Chaira. Alt.: 427 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco



Foto 4.- Túmulo Mántaras 5 (nº 39).

deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 16 m de N-S x 11 de L-O x 1 de alto; burato de violación de 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo, a pesar de estar cortado ó L por unha pista forestal. Pódese ollar a cabeza de tres esteos de granito (foto 5).

45) Mántaras-11 (coordenadas UTM 572117 – 4793004, xeográficas 08° 06' 40,08" – 43° 17' 08,25"). Emp.: Chaira. Alt.: 412 m. Reg.: 500 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros e eucaliptos. Med.: 17 m de N-S x 19 de L-O x 1,40 de alto. Est.: Regular, o túmulo está moi alterado e ten acumuladas pedras e cepos das árbores.

46) Mántaras-12 (coordenadas UTM 572866 – 4793235, xeográficas 08° 06' 06,74" – 43° 17' 15,48"). Emp.: Chaira. Alt.: 450 m. Reg.: 150 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros e pinos. Med.: 23 m de Ø x 1,30 de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Bo. Pódese ollar a cabeza dun esteo de granito.

47) Mántaras-13 (coordenadas UTM 573017 – 4793274, xeográficas 08° 06' 00,02" – 43° 17' 16,69"). Emp.: Chaira. Alt.: 452 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 20 m de Ø x 0,50 de alto; burato de violación 6 m de N-S x 5 de L-O x 0,20 de profundidade. Est.: Bo.

48) Mántaras-14 (coordenadas UTM 572983 – 4793191, xeográficas 08° 06' 01,57" – 43° 17' 14,01"). Emp.: Chaira. Alt.: 456 m. Reg.: 200 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 20 m de N-S x 19 de L-O x 0,80 de alto; burato de violación de 6 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo.

49) Mántaras-15 (coordenadas UTM 573004 – 4793195, xeográficas 08° 06' 00,64" – 43° 17' 14,13"). Emp.: Chaira. Alt.: 456 m. Reg.: 220 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 21 m de Ø x 1 de alto; burato de violación 6 m de N-S x 5 de L-O x 0,30 de profundidade. Est.: Bo (foto 6).

50) Mántaras-16 (coordenadas UTM 573028 – 4793200, xeográficas 08° 05' 59,57" – 43° 17' 14,29"). Emp.: Chaira. Alt.: 456 m. Reg.: 230 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 21 m de Ø x 1,20 de alto. Est.: Bo.

51) Mántaras-17 (coordenadas UTM 573286 – 4793195, xeográficas 08° 05' 48,12" – 43° 17' 14,06"). Emp.: Ladeira. Alt.: 448 m. Reg.: 100 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 18 m de N-S x 17 de L-O x 0,80 de alto; burato de violación 3,50 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Malo, o túmulo está moi alterado polas labores agrícolas.



Foto 5.- Restos da cámara do túmulo Mántaras 10 (nº 44).



Foto 6.- Túmulos Mántaras 15 e 16 (nº 49 e 50).

52) Mántaras-18 (coordenadas UTM 573312 – 4793111, xeográficas 08° 05' 47,61" – 43° 17' 30,02"). Emp.: Chaira. Alt.: 448 m. Reg.: 50 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 23 m de N-S x 26 de L-O e unha altura que oscila entre os 0,80 m polo N e 1,50 polo L; burato de violación 7 m de N-S x 6 de L-O x 0,40 de profundidade. Est.: Bo. Pódese ollar a coiraza de granito.

53) Mántaras-19 (coordenadas UTM 573508 – 4792948, xeográficas 08° 05' 38,40" – 43° 17' 05,95"). Emp.: Chaira. Alt.: 438 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros e pinos. Med.: 15 m de Ø x 0,50 de alto; burato de violación 3 m de N-S x 4,50 de L-O x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, está moi achaiado polas labores agrícolas.

54) Mántaras-20 (coordenadas UTM 573642 – 4792948, xeográficas 08° 05' 32,48" – 43° 17' 05,90"). Emp.: Chaira. Alt.: 444 m. Reg.: 260 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros e pinos. Med.: 19 m de N-S x 22 de L-O x 0,50 de alto; burato de violación 2 m de N-S x 1 de L-O x 0,30 de profundidade. Est.: Malo, está moi desfigurado polas labores agrícolas.

55) Mántaras-21 (coordenadas UTM 573825 – 4792994, xeográficas 08° 05' 24,31" – 43° 17' 07,33"). Emp.: Cume. Alt.: 461 m. Reg.: 110 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 16 m de N-S x 18 de L-O e unha altura que oscila entre os 0,40 m polo N e os 0,80 polo S; burato de violación 2 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Bo. Pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo.

56) Mántaras-22 (coordenadas UTM 573456 – 4792600, xeográficas 08° 05' 40,87" – 43° 16' 54,96"). Emp.: Ladeira. Alt.: 422 m. Reg.: 100 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: pasteiros. Med.: 20 m de N-S x 22 de L-O x 0,50 de alto. Est.: Regular, pódese ollar a coiraza de granito por todo o túmulo.

57) Casagrande (coordenadas UTM 574176 – 4792982, xeográficas 08° 05' 08,74" – 43° 17' 06,82"). Emp.: Chaira. Alt.: 459 m. Reg.: 230 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 21 m de Ø x 0,40 de alto. Malo, está achaiado polas labores agrícolas e cortado ó N por unha estrada.

No arquivo do sr. Vales Vilamarín existe unha referencia con data 24-VIII-1934 a unha mámoa non localizada «En el sitio de Batán hay una mámoa deshecha con restos de dolmen».

San Martiño de Churío

É unha pequena parroquia que ocupa a zona sur do concello, e nela tan so localizamos dous túmulos (fig. 8).

58) Mámoa do Forro/Monte Tourao (coordenadas UTM 575154-4791124, xeográficas 08°04'26,05"-43°16'06,24"). Emp.: Ladeira. Alt.: 373 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 15 m de Ø x 0,50 de alto; burato de violación de 4 m de Ø x 0,30 m de profundidade. Est.: Regular. Pódese ollar un esteo da cámara e a coiraza espallada por todo o túmulo.

59) Tesouro (coordenadas UTM 574266 – 4789580, xeográficas 08° 05' 06,40" – 43° 15' 16,52"). Emp.: Chaira. Alt.: 293 m. Reg.: 250 m. Subst.: Granito de dúas micas pouco deformados. Terr.: Arborado de repoboación. Med.: 18 m de Ø x 0,80 de alto; burato de violación 3,50 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Regular, está moi alterado. Pódense ollar tres esteos de granito que formarían parte da cámara. A uns 60 m de distancia, e formando parte dun valo que serve peche de fincas, hai unha pedra de grandes proporcións que podería ser a tapa da cámara dolménica.

San Salvador de Curuxou

É unha das parroquias máis pequenas do concello, con pouco máis de 5 km²; sitúase na zona SO do concello, nela non localizamos nin temos referencia de ningún túmulo.




Fig. 8.- Situación do túmulo na parroquia de Churío.

CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Nesta análise realizada foron localizados un total de 59 túmulos, e temos referencias bibliográficas, documentais e orais de polo menos unha dúzia de túmulos que foron destruídos ou non localizados. Aínda que con toda seguridade aparecerán moitos máis, xa que unha parte importante do concello non puido ser prospectada.

Polo tanto, cos datos obtidos a día de hoxe, soamente podemos facer, ó igual que outras veces, unha análise estatística dos túmulos localizados.

Dende o punto de vista xeográfico: o emprazamento dos túmulos tende a situarse maioritariamente nas zonas de chaira, (57 % - 34 túmulos), seguidos dos emprazamentos en ladeira (32 % - 19 túmulos), e tan so 6 en cume (11 %).

A orografía pouco contrastada deste concello permite que 37 túmulos aparezan en cotas de 400 – 470 m de altitude (63%), 10 túmulos nas zonas máis alta do concello entre as cotas 470 – 635 m (17%), 9 túmulos en cotas de 300 – 400 m (15%) e tan so 3 túmulos que se localizan na cota de 279 m de altitude.

Respecto ó substrato xeolóxico no que se asentán, encontramos que a gran maioría, 47 túmulos sitúanse en terreo granítico de dúas micas (80%), 8 túmulos en terreo de granodiorita precoz moi deformada (13%), 3 túmulos en zona de lousas e xistos e tan so un túmulo en terreo de metagrauvacas feldespáticas. A tenor dos datos expostos podemos dicir que parece que haxa unha clara tendencia a situalos en zona de granitos de dúas micas. Debemos ter en conta que este substrato xeolóxico ocupa o 47% do concello.

A relación dos túmulos cos recursos hídricos indícanos que a maioría deles están situados a unha distancia de 150 a 300 m (36 túmulos – 61%), 10 túmulos a unha distancia de 300 a 500 m, 9 túmulos a unha distancia de 500 a 850 m, e tan so 4 túmulos a unha distancia inferior ós 150 m dun regato ou manancial.

En canto a consideracións propias dos xacementos podemos dicir que o 47% (28 túmulos) miden nun dos seus eixos entre 19 a 26 m, outros 25 túmulos (42%) entre 14 e 18 metros, mentres que tan so 5 túmulos teñen medidas inferiores ós 14 m. Hai un único túmulo (Meimón-2) que nun dos seus eixos alcanza os 32 m.

Por outra parte a altura é moi relativa ó atoparse a maioría dos xacementos achaiados, polas labores agrícolas e forestais. Non obstante 12 deles conservan unha altura superior ós 1,30 m, e mesmo 3 deles ós 2 m de alto.

A práctica totalidade dos túmulos presentan burato de violación e tan so 8 deles (14%) conservan restos ortostáticos.

No referente á documentación antiga, para este traballo tan so puidemos consultar a documentación do mosteiro de Santa María de Monfero e a pregunta 3ª do interrogatorio do Catastro do Marqués da Ensenada. A través desta documentación localizamos a referencia a catro túmulos, se ben unha delas fala das *Mámoas de Montes das Jural*, e non sabemos a cantas se refire. Sen embargo se xuntamos estes catro túmulos ós 19 documentados no límite do concello de Monfero, creemos que estaríamos na zona de Galicia onde máis túmulos documentados foron identificados.